



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA ZONA DE BORREIROS”

1. OBXECTO DO CONTRATO

O Obxecto do contrato é a realización das obras de “Ampliación da Rede de Saneamento na Zona de Borreiros”. Obra consistente na instalación da rede de saneamento con fin de eliminar posibles vertidos ao Río Novo e dotar de servizo de saneamento ás vivendas afectadas polo trazado da obra.

2. PREZO DO CONTRATO

O prezo do presente contrato ascende á contía de 239.968,08 euros e o Imposto sobre o Valor Engadido de 43.194,25 euros. Dada as características do contrato e a futura xestión da obra por parte de COSMA, os pagos faranse mediante transferencia 85 días despois de día de recepción da factura. Sempre e cando a factura se entregue e reciba a conformidade de COSMA nos cinco primeiros días do mes seguinte á realización dos traballos.

3. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será de 3 meses.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo no prazo de 15 días dende a data de formalización do contrato.

4. ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR

Poderán presentar proposicións as persoas naturais o xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.



5. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Non será esixible clasificación, tendo en conta que a obra e dun valor inferior a 350.000 euros.

6. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

As ofertas presentaranse nas oficinas de COSMA na Rúa Rosal nº 33 – 35 Bj., en horario de atención ao público, dentro do prazo de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación na prensa e no Perfil de Contratante.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en tres sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda “Proposición para licitar á contratación de obras de Ampliación da Rede de Saneamento na Zona de Borreiros”. A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre “A”: Documentación Administrativa.
- Sobre “B”: Melloras Propostas e Prazo de Garantía.
- Sobre “C”: Proposición Económica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada destes:



SOBRE “A”

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: Escritura de Constitución ou Modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia da Tarxeta do Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas Comunitarias e de Estados asinantes do Acordo sobre Espacio Económico europeo.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acredítanse mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde está establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A-4) Restantes empresas estranxeiras.

Deberan acreditar a súa capacidade de obrar a través dun informe expedido pola Misión Diplomática Permanente de España do lugar de enderezo da empresa, no que ademais se xustifique que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismo e entidades do sector público de xeito semellante.



A-5) Disposicións comúns ás empresas estranxeiras.

As empresas estranxeiras deberan presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia de, se é o caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ó licitante.

B) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación.

- Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

- Igualmente a persoa con poder bastantado para os efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

Así mesmo deberá achegar copia do D.N.I. da persoa apoderada.

C) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario ao favor do cal se vai efectuar esta.

D) Certificación ou recibo acreditativo do pagamento do Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade concreta sobre a que se ofrece, ou de estar exento de pago.



E) Unións Temporais de empresas: Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas, compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adjudicatarias e nomeamento dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitalos dereitos e obrigas que do contrato se deriven.

A UTE deberá acreditar a clasificación do contratista por cada unha das empresas ca conforman polo que se refire ó correspondente obxecto do contrato.

No caso de participar empresas estranxeiras non pertencentes a UE con empresas nacionais ou con empresas de países da UE, estarase o disposto no artigo 48 da LSCP.

F) COSMA comprobará de oficio e co carácter previo á adjudicación do contrato o cumprimento das obrigas tributarias con COSMA da empresa que vai a ser adjudicataria.



SOBRE “B”

MELLORAS PROPOSTAS E PRAZO DE GARANTÍA

Documentos que permitan valorar as condicións das ofertas segundo os criterios de adxudicación.

Relación de melloras propostas que teñan relación co obxecto do contrato ou actuacións complementarias que cumprimenten outros fins ou servizos que presta a empresa mixta municipal.

Conterá como mínimo:

- Descrición das melloras e fundamentación da conveniencia técnica das mesmas.
- Memoria valorada das melloras propostas.

Prazo de Garantía: Compromiso de prazo de garantía a partir da data de recepción definitiva da obra. Tendo que ser este prazo dun mínimo de un (1) ano.



SOBRE "C"

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Proposición económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

<< D. _____, con enderezo para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, nº. _____, con DNI nº. _____, con DNI nº. _____, en representación da Entidade _____, con CIF nº. _____, enterado do expediente para a contratación das obras de _____ por procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, anunciado no Perfil do Contratante de COSMA en data _____, e na prensa, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondente ao Imposto sobre o Valor Engadido.

En _____, a ____ de _____ de 20__

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____ >>.



7.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das proposicións atenderase a varios criterios obxectivos de adxudicación:

Melloras propostas polo licitador que teñan relación co obxecto do contrato ou actuacións complementarias que cumprimenten outros fins ou servizos que presta a empresa mixta municipal. A tal efecto deberase fundamentar na oferta a conveniencia técnica de introducilas referidas melloras ou actuacións complementarias, cuantificando as mesmas a través dunha memoria valorada. Este criterio valorarase ata **50 puntos**.

Poderán proporse os seguintes tipos de melloras:

- Melloras relacionadas coas redes de saneamento e/ou abastecemento.
- Melloras orientadas á mellora do servizo e eficiencia das redes afectadas.

Aumento do prazo de garantía sobre o establecido no proxecto. Este criterio valorarse ata **25 puntos**. Seguirase un criterio proporcional para a valoración do incremento do prazo de garantía ofertado.

Maior baixa do prezo do contrato respecto do tipo de licitación. Valorarase ata **25 puntos**. Para a valoración das baixas aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=(Pm \times Mo) / O$$

P= Puntuación oferta a valorar

Pm= Puntuación máxima

Mo= Mellor oferta

O= Oferta a puntuar

9.- GARANTÍA DEFINITIVA

Os que resulten adxudicatarios dos contratos deberán constituír unha garantía do 5 % do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. En calquera das formas permitidas legalmente.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprira satisfactoriamente o contrato.



10.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación.

11.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO DA OBRA

Formalizado o contrato e, antes de proceder á comprobación do replanteo, entregárase ó contratista un exemplar completo do proxecto e cantos documentos se estimen necesarios para a mellor definición das obras.

No prazo máximo de quince días, procederase a levar a cabo sobre o terreo a comprobación do replanteo previo en presenza do contratista, ou dun representante do mesmo debidamente autorizado, estendéndose acta do resultado da devandita comprobación.

A demora na comprobación do replanteo, imputable ó contratista será causa de resolución do contrato.

Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos e a viabilidade do proxecto, sen reserva por parte do contratista, darase polo director da obra a autorización para iniciar a súa execución con constancia explícita na acta, da que se dará por notificado o contratista ó subscribila.

12.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran a razón determinante da adxudicación do contrato. Para tal cesión resultará obrigado:

- A autorización previa e expresa da cesión polos órganos sociais.
- Que o cesionario teña capacidade para contratar coa administración e a solvencia que resulte esixible, debendo estar debidamente clasificado, si tal requisito se houbera esixido ao cedente e non atoparse incurso nunha causa de prohibición de contratar.
- Que o cedente teña executado a lo menos un 20 % da obra ou prestación contratada.



O adxudicatario poderá proceder á subcontratación, sempre que:

- Se dea coñecemento previo ós órganos sociais.
- Que as prestacións que o adxudicatario contrate con terceiros, se adapten aos límites establecidos pola normativa que resulte competente na materia.